

Sigo sentada á beira dun comezo. A axitación da espera é desacougante. Levo moito tempo sen poder pensar noutra cousa. Non consigo erguer ese veo de incomunicación que nos envolve nun segredo indescifrábel para min.

O día vén cargado de recordos. Vexo o teu rostro igual que sempre, fermoso e estrañamente frío e distante, coa mirada perdida nun amor que non puidiches esquecer. Comprobo un día máis que non me ves. Esa cegueira conmóveme máis que a túa indiferenza.

Abro a fiestra para que entre a luz. A pesar do tempo transcorrido sigo buscándote. É como se un campo de forza me impulsase a seguir tras da túa ausencia. Móvome bosquexando a orfandade, entre a cólera e a resignación.